

TEMA 1: ESTEREOTIPOS E PREXUÍZOS LINGÜÍSTICOS: A SÚA REPERCUSIÓN NOS USOS

A función esencial dunha lingua é a de servir como medio de comunicación entre os membros dunha comunidade. Se nunha comunidade hai dúas linguas en contacto, unha das linguas -a dominante- vai ocupando progresivamente os ámbitos da outra -a dominada- e provocando a súa substitución. A esta lingua dominada chámasele tamén lingua minorizada e é empregada unicamente nos ámbitos socioculturais máis baixos e ignorada ou desprezada nos máis elevados, dos que foi desprazada pola lingua dominante. O concepto de lingua minorizada é sociolingüístico e nada ten que ver co de lingua minoritaria que é só cuantitativo (cantas persoas a usan?). Falamos de diglosia cando nunha sociedade se produce unha relación de desequilibrio entre dúas linguas en contacto (a lingua A é usada para as funcións formais ou importantes como as políticas, educativas, culturais, relixiosas e a lingua B úsase nas relacións persoais e en usos coloquiais). En Galiza na actualidade maniféstase en forma de diglosia cruzada, pois o noso idioma tamén está presente en espazos públicos e prestixiosos (televisión, política, cultura...). A consecuencia natural dunha sociedade diglósica é unha situación de conflito lingüístico, centrado basicamente nos falantes da lingua menos prestixiada (o galego, na nosa sociedade), que non poden desenvolver a súa vida plenamente con normalidade desde o punto de vista lingüístico, ao vérense necesariamente obrigados a desenvolverse na lingua hexemónica en determinados campos (mundo xudicial, relacións coa Administración central, cinema, informática, etc.). Por outro lado, o conflito leva implícito unha evidente marca de desvalorización social da lingua minorizada que a leva a sufrir o perigo da substitución lingüística e a conseguinte desaparición.

Un estereotipo é unha imaxe estruturada e aceptada pola maioría das persoas como representativa dun determinado colectivo, é dicir, é o conxunto de crenzas que temos sobre un grupo de persoas, lingua... Un prexuízo é unha actitude (normalmente negativa) cara aos membros dun grupo que non se basea no coñecemento, senón en pensar que todas as persoas dese grupo son iguais. Estes dous compoñentes están directamente relacionados coa discriminación. A discriminación é actuar con desigualdade no tratamento cara ás persoas en función de se pertencen ou non a un grupo.

No eido das linguas tamén aparecen funcionando estas ideas e accións. Así, en Galicia temos dúas linguas oficiais: o galego e o castelán. O galego é a lingua propia de Galicia e o castelán foi unha lingua imposta dende o século XV, desprazando pouco a pouco o galego nos espazos relacionados co poder e a cultura e relegando o galego a usos informais e familiares.

Isto provocou a creación do estereotipo de galegofalantes como aldeáns, incultos, “paletos”, pouco atractivos, baixo nivel de estudos... Esta situación dará lugar á creación de prexuízos. A visión dos galegofalantes é negativa polo que incluso familias galegofalantes non educan os seus fillos e fillas na lingua pensando que deste xeito serán mellor aceptados e terán maior posibilidade de progresar. Nos últimos anos, a esta visión negativa uniuse:

- a) As persoas que falan galego e non son da aldea son uns radicais políticos. O galego vese como marcado política e ideoloxicamente: “se falas galego nunha cidade, ou es nacionalista ou profe de galego”. Isto aplícase normalmente aos neofalantes. Esta idea é falsa, xa que unha lingua é a manifestación cultural dun pobo, non ten nada que ver coa política
- b) O galego non vale para nada, ten poucos falantes. Esta idea tamén é errónea: hai países con menos falantes que en Galicia e, ademais, o galego ocupa o posto 23 das 150 linguas europeas. Alén disto, é estudado en moitas universidades, así como a súa literatura. Ademais, saber galego achéganos ao mundo lusófono.
- c) O galego só é falado por xente maior e rural. (Erróneo: hai xente nova e da cidade que o fala).

d) O galego vese como unha lingua ruda, pouco elegante e propia de xente ignorante. Ningunha lingua do planeta é falada con plena corrección estándar na comunicación espontánea pola totalidade dos falantes. É certo que a situación histórica do galego, desprovisto dunha referencia normativa e ausente do sistema educativo e dos medios de comunicación até hai unhas poucas décadas propiciou unha importante presenza de formas castelanizadas e vulgarizadas na fala popular, mais non de maneira significativamente superior ao doutras comunidades lingüísticas.

e) O galego normativo é un idioma inventado: A falsa percepción de “lingua inventada” vén dada en gran medida, no caso do galego, polo feito de que a normativa é aínda moi recente e sufriu nos últimos anos varias pequenas. Cando, co paso dos anos, se vaia asumindo socialmente, coa axuda do ensino e dos medios de comunicación, este prexuízo desaparecerá, como xa desapareceu a respecto de normativas máis vellas como a do castelán.

f) O uso do galego como unha descortesía perante persoas foráneas (ás veces mesmo perante persoas simplemente descoñecidas). É normal que os galegos pensemos que nos temos que adaptar aos costumes e á lingua propias doutro país ao que vaiamos. Pero non é normal que pensemos que debemos ser nós os que debamos adaptarnos á lingua das persoas foráneas castelanfalantes que viven na nosa comunidade e non fan ningún esforzo por aprenderen a nosa lingua. Con frecuencia, ademais, a pretendida falta de comprensión do galego é máis un problema de actitude que un problema real de comunicación, dado a gran parecido existente entre galego e castelán. Máis que unha descortesía do galegofalante, estamos ante unha falta de respecto pola lingua autóctona que pode facer que en ocasións un galego se poida sentir estranxeiro na súa propia terra ao ser recriminado por empregar a súa propia lingua no seu propio país.

Existen dous xeitos diferentes de actuar contra os prexuízos: ou aceptalos e distanciarse do grupo para non ser discriminados ou loitar por desterrar eses prexuízos e amosar orgullo por posuír unha lingua propia que é o maior sinal de identidade dun pobo. Para iso debemos utilizar a lingua en calquera situación.

Se non existisen estes prexuízos, poderíamos falar dun bilingüismo harmónico entre as dúas linguas, unha convivencia pacífica na que cada quen fale o que queira e domine ben os dous idiomas.

TEMA 2: HISTORIA DA NORMATIVIZACIÓN: A CONSTRUCCIÓN DUNHA VARIEDADE ESTÁNDAR. INTERFERENCIAS E DESVIACIÓN DA NORMA

A variedade estándar é a empregada na escrita e nos contextos formais. A construción da variedade estándar é o que se coñece co nome de normativización lingüística: fixación dunha ortografía, unha gramática e un dicionario que sirvan de modelos cultos a imitar. Mentres as linguas na nosa contorna iniciaron o proceso de normativización nos s. XV e XVI, nós tivemos que esperar ata o século XIX co Rexurdimento, xa que o galego estivera afastado da escrita e usos formais por razóns políticas (usábase o castelán nestes eidos).

Neste proceso de normativización podemos sinalar catro etapas:

a) Galego popular (ata fins do s. XIX). Non existe realmente unha intención normativizadora (Pondal foi o único autor consciente da súa necesidade), recuperan o galego escrito, pero utilizan o oral no seu rexistro popular, cheo de vulgarismos, castelanismos e dialectalismos.

b) Galego enxebrista (ata 1936). Comézase a sentir a necesidade de ter unha norma escrita, a fixación de convencións ortográficas e a diferenciación máxima respecto do castelán, recorrendo a hiperenxebrismos, arcaísmos e vulgarismos. Aparición da liña reintegracionista (achegamento ao portugués) e da isolacionista (achegamento ao castelán).

c) Galego protoestándar (1936-1980). Tratan de simplificar a ortografía e a gramática, adoptando solucións supradialectais e corrixindo os excesos diferencialistas e hiperenxebristas da etapa anterior.

d) Galego estándar (ata a actualidade). En 1982 a RAG e o ILG aprobaron as *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, levemente reformadas no 2003 (Coñecida como *Normativa da concordia*). Para seleccionar a variante estándar, tivéronse en conta criterios como a maior extensión xeográfica, demográfica, uso na literatura e harmonía con outras linguas, especialmente co portugués. A variante estándar debe evitar castelanismos, lusismos, arcaísmos e hipergaleguismos. Para ampliar o vocabulario botouse man en maior medida do galego antigo, lusismos e neoloxismos (creación de palabras novas).

As interferencias son o influxo dunha lingua sobre outra, frecuente en situacións de contacto lingüístico:

-no plano fónico: redución do sistema vocálico de 7 vogais a 5, eliminando a oposición entre semiabertas e semipechadas.

-no plano morfolóxico: cambio de xénero de determinados substantivos (*o ponte, *a sangue) seguindo a norma castelá, confusión dos pronomes te/che, uso de tempos verbais compostos.

-no plano sintáctico: incorrecta colocación dos pronomes átonos.

-no plano léxico: prevalencia da palabra coincidente co castelán (comprar por mercar); restrición do significado, adoptando a palabra castelá para a realidade de maior prestixio (billa / *grifo); substitución da forma galega pola castelá (*arcilla por arxila, *tenedor por garfo...).

-plano ortográfico: reproducese a escrita do castelán (*boda, *abogado, *ademáis, ...)

Chamámوسlle desviacións a aquelas voces que non se axustan á normativa, ben porque non pertencen ao nivel culto (vulgarismos: alteración no vocalismo como *amoto, *maldá, *teléfano, *fuciño, *cocreta ou dialectalismos), ben por non seren palabras de uso actual (arcaísmos: *nascen, *ren), ben por seren inventos motivados indirectamente pola presión do castelán (hipergaleguismos ou hiperenxebrismos: *zoa, *ambiente, *semán, *persoaxe, *primaveira...).

TEMA 3: O GALEGO, LINGUA EN VÍAS DE NORMALIZACIÓN

O galego tivo un desenvolvemento normal ata comezos da Idade Moderna, momento no que, xunto coa dominación política, Galicia pasou a padecer unha dominación lingüística e cultural que levou á minorización do seu idioma propio. Na actualidade, a pesar de ter un status de cooficialidade e unha importante vitalidade na sociedade (presenza no ensino, na cultura), o galego é unha lingua que sofre a presión constante de castelán.

O actual marco legal (Constitución do 78, Estatuto de Autonomía, Lei de Normalización Lingüística e Plan Xeral de Normalización Lingüística) senta as bases que poden conducir á recuperación e á normalización (recuperación dunha lingua propia dunha comunidade, que foi desprazada por outra foránea e viu restrinxida os seus usos, especialmente os prestixiosos, mediante medidas políticas, legais, sociais e lingüísticas que buscan o uso normal dunha lingua) en todos os ámbitos da lingua, mais cómpre a intervención dos diferentes sectores sociais:

-acción institucional do poder político. Levada a cabo polas Administracións públicas de Galicia (Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta, concellos e deputacións), elementos indispensables no proceso de normalización, por coherencia e por imperativo legal. A máis ambiciosa iniciativa a prol da normalización do galego dos últimos anos foi a elaboración do *Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega*, aprobado por unanimidade en setembro de 2004 no Parlamento de Galiza. O Plan consta de 445 medidas destinadas a potenciar o galego para lograr o seu uso por parte da poboación en todos os niveis e funcións. Co fin de abranguer todos os ámbitos da sociedade, divídese en oito sectores: administración; educación, familia e mocidade; medios de comunicación e industrias culturais; economía; sanidade; sociedade en xeral (servizos sociais, crenzas relixiosas, inmigración, deporte, lecer e turismo); proxección exterior da lingua. A pesar das grandes expectativas que xerou, o Plan non chegou nunca a levarse á práctica e aínda a día de hoxe espera a que haxa vontade política para poñelo en funcionamento.

-acción colectiva non institucional. Exercida por asociacións e colectivos (*Nova Escola Galega, Asociación de Funcionarios da Administración pública, Queremos Galego...*) xoga un papel importante na recuperación lingüística fronte ás eivas e esquecementos dos integrantes do grupo anterior.

-acción individual. Supón un esforzo persoal e consciente para romper hábitos e condutas de desleixamento cara á situación social do idioma. Esta acción resulta claramente insuficiente sen o apoio dos grupos anteriores.

Actualmente en Galicia continúa o proceso de substitución do galego polo castelán (sobre todo na xente nova e nas cidades), pero ao tempo a lingua galega segue recuperando espazos sociais que lle confiren prestixio (como medios de comunicación, ensino, política...).

Aínda hai prexuízos contra o galego pero son cada vez máis débiles. O declive no número de falantes, o descenso na transmisión dunha xeración á seguinte, a falta de interese por parte do goberno e parte da sociedade, a falta de seguimento das medidas adoptadas... bota sombras sobre o futuro. Hai indicios de que a situación podería cambiar, como a existencia de grupos de xuventude urbana que adoptan o galego.

A sociedade galega ten que decidir se quere manter e potenciar a súa lingua propia ou se quere prescindir dela e substituíla polo castelán. O idioma é o que fai que Galicia sexa unha nacionalidade histórica e que os galegos e galegas sexamos recoñecidos como un dos pobos de Europa. Ademais, a lingua é o elemento que lle dá unidade á sociedade e que lle dá proxección de futuro a Galicia.

Algunhas campañas de normalización levadas a cabo estes anos foron:

-Apego: con actividades dirixidas aos máis cativos.

-Youtubeir@s: para encher Youtube de contido en galego.

-Gústame o galego: photocall con lemas a favor do galego.

-LGx15: charlas para promover o galego.

TEMA 4: O GALEGO NO PRIMEIRO TERZO DE SÉCULO XX: CARACTERÍSTICAS LINGÜÍSTICAS FUNDAMENTAIS. CONTEXTO HISTÓRICO E SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA

Iniciamos o século con problemas na sociedade que xa viñan de longo: sistema caciquil, foros, emigración... A pesar de todo isto, a poboación medrou, pero vemos unha concentración maior nas cidades e zonas costeiras. Ao longo deste primeiro terzo tamén teremos certas melloras, como as loitas obreiras (o agrarismo) e a redención dos foros (1926).

En canto á lingua nese período o galego segue a ser a lingua maioritaria pero o castelán consolida o papel como lingua dominante e de prestixio. Aínda que temos a Real Academia Galega funcionando dende 1906, os seus traballos son moi eruditos.

A creación das Irmandades da Fala na Coruña, en 1916, suporá un grande avance na dignificación da lingua e cultura galega. O impulsor desta iniciativa foi Antón Vilar Ponte. O seu voceiro será *A Nosa Terra*. A pesar da positiva repercusión das Irmandades, o proceso de castelanización continuou imparabile, proceso axudado pola igrexa e ensino. Entre as actuacións das Irmandades podemos destacar:

- demandaron a cooficialidade dos idiomas galego e castelán e a implantación dunha cátedra de Lingua e literatura galega na Universidade de Santiago.
- elaboraron un dicionario e unha gramática.
- cultivaron os distintos xéneros literarios: ensaio, teatro, narración...
- alentaron a creación de compañías teatrais e coros populares.
- crearon revistas e editoriais para potenciar os libros en galego.

A Xeración Nós estende o uso do galego a todos os xéneros literarios e será a responsable da revista *Nós*, escrita integramente en galego. Ademais, no 1923 constitúese o Seminario de Estudos Galegos, formado por universitarios que investigan Galicia desde diferentes campos: histórico, social, político...

A ditadura de Primo de Rivera (1923-1930) supuxo un novo impulso na introdución e consolidación do castelán, prohibindo calquera lingua que non fose o castelán nos documentos e actos oficiais.

No 1932 proclamouse a 2ª República e fúndase o Partido Galeguista que pretende a cooficialidade do galego e español e a galeguización do ensino. Aprobouse o Estatuto de Autonomía pero o estouro da Guerra Civil impediu a súa aplicación.

CARACTERÍSTICAS LINGÜÍSTICAS FUNDAMENTAIS

O crecente nacionalismo do galeguismo, sobre todo durante as Irmandades da Fala, é un dos factores que contribuíron a potenciar en moitos escritores unha afirmación da singularidade do galego fronte ao castelán; de aí que a presenza de hiperenxebrismos neste período é relativamente frecuente (*zoa. *adourar...). Así mesmo, a consolidación da prosa e o cultivo doutros xéneros, como o ensaio e o artigo, fixeron necesario un crecemento do caudal léxico; pero o crecente acoso da lingua castelá fixo que en moitas ocasión, para frear a súa influencia, se botase man do galego antigo (arcaísmos como *conquerir, *door...), do portugués (lusismos como *embora, *nervoso...) e doutras linguas internacionais (*cabaret, *restaurant...). Este afán diferenciador tamén propiciou a presenza de vulgarismos.

A pesar do seu esforzo, podemos detectar tamén castelanismos, pero en modo menor medida ca en épocas anteriores.

TEMA 5: O GALEGO DE 1936 A 1978: CARACTERÍSTICAS LINGÜÍSTICAS FUNDAMENTAIS. CONTEXTO HISTÓRICO E SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA

Durante a Guerra Civil (1936-1939) moitas personalidades importantes galegas foron axustizadas ou tiveron que emigrar cara a América. Co favor da igrexa, o réxime ditatorial instaurouse. O Partido Galeguista tivo que pasar á clandestinidade e decidiron centrarse no campo cultural (nace a editorial *Galaxia*).

O esforzo que fixeron as Irmandades da Fala e o avance producido terá un parón e un retroceso extraordinario durante os primeiros anos do franquismo, o cal consideraba o galego como un dialecto, non como un idioma, unha fala vulgar e rústica. O uso do galego fóra do ámbito familiar ou coloquial estaba prohibido. O novo réxime espalla por todo o Estado a idea de unidade lingüística e cultural. O fenómeno de desgaleguización social avanza durante a etapa da ditadura franquista a un ritmo moito máis acelerado:

- A partir dos anos 60 aumenta o éxodo do campo á cidade, o que conleva un aumento de castelanización por imitación das clases altas ou medias.
- O ensino, cada vez máis universal desenvólvese exclusivamente en castelán e castiga o uso do galego.
- Fenómenos sociais como a emigración masiva a América provocou a instalación das persoas emigradas na lingua do país receptor, prestixiando o uso do español.
- A Igrexa, na súa maioría utiliza o castelán e esa será a lingua da liturxia.
- Os medios de comunicación de masas tamén empregan o castelán (sobre todo a radio, o cine sonoro e a televisión).

O galeguismo ten que enmudecer en Galicia pero sobrevivirá na Galicia exterior. Alí temos activistas que dende o seu exilio americano traballarán por manter este espírito vivo: Castelao, Eduardo Blanco Amor, Dieste... As casas de Galicia, coas súas actividades, contribuirán enormemente a manter vivo o galeguismo.

CARACTERÍSTICAS LINGÜÍSTICAS FUNDAMENTAIS

No ano 50 vaise crear a editorial Galaxia formada por un grupo de intelectuais que tiveron que abandonar a política. Considerando a lingua como o principal sinal de identidade, publicou libros de novos/as escritores/as, traduciú autores/as estranxeiros/as e os seus libros servíronlle de modelo lingüístico aos/ás escritores/as.

Nestes anos 50 o galego aínda está sen fixar na súa forma literaria, deberá camiñar gradualmente, de xeito natural, cara á formación da súa variante literaria. Neste período aparecen importantes cambios do galego literario, como a ausencia do apóstrofo, a redución do uso do trazo e a clara diminución dos hiperenxebrismos. O uso de dialectalismos segue sendo frecuente nas décadas dos 50 e 60.

Fóronse xeneralizando pouco a pouco algunhas solucións morfolóxicas, fonolóxicas e ortográficas de importancia, como a formación dos plurais en -ns para as palabras rematadas por -n (cancións) e en -is para as rematadas por -l (animais), as terminacións -án/-á para masculino e feminino (ourensán / ourensá), a conservación dos grupos cultos (concepción) ou a eliminación dos apóstrofos nas contraccións ou nos fenómenos de fonética sintáctica (deste, creo que estaba). Foron avances significativos que anos máis tarde serían recollidos nas Normas ortográficas e fonolóxicas do idioma galego.

A Real Academia Galega instaura a celebración do Día das Letras Galegas (1963).

O nacemento de organizacións políticas nacionalistas nos anos 60 (UPG e PSG) favorecen o despegue dunha intensa actividade: recitais, conferencias, representacións teatrais, cursos de lingua...

A demanda de oficialización do idioma é cada vez maior.

Créase a cátedra de Lingua e literatura galega na Universidade de Santiago (1965) e o Instituto da Lingua Galega (ILG) que se encargará dos estudos científicos do idioma.

TEMA 6: O GALEGO A FINAIS DO SÉCULO XX E COMEZOS DO XXI: CARACTERÍSTICAS LINGÜÍSTICAS FUNDAMENTAIS. CONTEXTO HISTÓRICO E SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA

Trala morte de Franco e a aprobación da Constitución de 1978, Galicia dispón dun Estatuto de Autonomía (1981) que recolle a oficialidade do galego como idioma propio de Galicia e posibilita a creación dun Parlamento e goberno propios.

Neste proceso de normalización contamos coa Lei de normalización lingüística, aprobada polo Parlamento de Galicia en 1983. Todos os galegos teñen o dereito de usar o galego (aínda que non o deber, iso está reservado para o castelán). Polo tanto, calquera procedemento administrativo ou xudicial redactado en galego terá plena validez e os mesmos efectos cós redactados en castelán.

Canto á galeguización do ensino, a Lei de normalización lingüística recoñece o dereito a recibir o primeiro ensino na lingua materna e establece o galego como materia obrigatoria en todos os niveis de ensino non universitario. O sistema educativo debe garantir que o alumnado adquira unha competencia lingüística en galego e castelán.

Asociacións non gobernamentais tamén velan pola normalización do galego, destacando *A Mesa Pola Normalización Lingüística* (a pesar dos seus esforzos, non consegue acadar os seus obxectivos).

A mediados do séc. XX case o 70% da poboación tiña o galego como lingua materna. Esta porcentaxe vai diminuindo paulatinamente ata chegar ao 50% actual. Esta deserción lingüística demostra que as medidas levadas a cabo non están funcionando. O desinterese político (non vixía o cumprimento das leis) e sociais (falta de interese e prexuízos de parte da sociedade) fan que a substitución lingüística do galego polo castelán continúe imparabile.

Por último, non debemos esquecer que existe unha comunidade de galegofalantes que viven noutros territorios do Estado español que non teñen recoñecidos os seus dereitos (zonas de Asturias, Zamora e León).

CARACTERÍSTICAS LINGÜÍSTICAS FUNDAMENTAIS

Ao converterse en lingua cooficial, acrecéntase máis a necesidade dunha variante normativa que poida ser empregada con garantías de corrección nos ámbitos sociais, institucionais e formais. No ano 1982 o ILG e a RAG publicaron as *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*. Porén, non foron aceptadas por certos sectores como, por exemplo, a corrente reintegracionista (promovían un maior achegamento ao portugués). Para superar estas discrepancias e tendencias o ILG, a RAG e representantes das universidades refixeron as propostas intentando unha concordia entre as distintas posicións, isto denominouse "Normativa de concordia" (2003).

Ademais, publicáranse dicionarios técnicos, manuais ortográficos e de dúbidas... co obxecto de fornecer a nosa lingua de tódolos mecanismos para acadar unha normativización e normalización.

O noso idioma está hoxe presente en ámbitos públicos institucionais, culturais e mesmo comerciais. Ademais, ten unha presenza relevante nas novas tecnoloxías (redes sociais, web e programas informáticos). Malia estes avances, ten unha cativa presenza no poder xudicial ou nas cerimoniais relixiosas. Aínda que é lingua habitual na radio e televisión autonómicas, non está presente nas seccións principais da prensa escrita diaria; non hai ningún medio impreso diario e de cobertura galega monolingüe no noso idioma; resiste a prensa dixital (*Sermos Galiza* ou *Praza Pública*), ademais da revista mensual *Tempos Novos*.

No plano cuantitativo, o galego segue a perder falantes iniciais e habituais e tampouco consegue desterrar os estereotipos lingüísticos negativos. Se non se racha a tendencia a un menor uso da lingua galega a medida que se baixa na escala da idade e nos espazos urbanos, o porvir non se presenta esperanzador. Avanzar no proceso normalizador debe ser unha misión das institucións e da sociedade galega. Entre todos e todas podemos garantir mil primaveras máis para a nosa lingua.